

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **23 de marzo de 2023**

Ás 17.09 horas do día 23 de marzo de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D. Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

**Deputado de Democracia Ourensana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MARZO DE 2023.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de marzo de 2023.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 16 de marzo de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- APROBACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

O Sr. vicesecretario dá lectura ao contido íntegro da proposta.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, indica que é este Plan é un instrumento útil e todos os grupos queremos conseguir a igualdade entre homes e mulleres. Móstrase de acordo co contido da proposta.

**D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista**, indica que xa preguntou noutra comisión polo informe do I Plan e pide coñecer se se acadaron os obxectivos. Engade que xa figura no portal de transparencia o presente plan e entende que primeiro se debería aprobar, antes das súa publicación.

**A presidenta da comisión**, responde que o que figura no portal de transparencia é o borrador e que se expuxo ao público por unha cuestión de procedemento, para dar a posibilidade de facer alegacións. Tanto os sindicatos como os representantes dos traballadores mostráronse a favor.

**D.ª Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista**, indica que poucas persoas responderon aos cuestionarios, e pregunta cales foron os medios que se utilizaron para a súa elaboración.

**A presidenta da comisión**, responde que se utilizaron medios telemáticos e presenciais.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o II Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense, conforme co texto que figura no expediente núm. 2023/4495S, co CSV 146176746443140113565.

2º.- Ordenar a súa publicación na sede electrónica da Deputación e que se proceda ao seu rexistro e depósito segundo o artigo 11 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

**3º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DEFENSA DUNHA SANIDADE PÚBLICA UNIVERSAL E DE CALIDADE, SUPRIMINDO AS DECISIÓNS POLÍTICAS ECONOMICISTAS QUE ESTÁ A PRECARIZAR O SISTEMA.**

**D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista**, dá lectura a moción.

**D. Bernardo Varela López, do BNG**, indica que hai tres meses o BNG trouxo unha moción neste mesmo sentido. Indica que apoiará esta moción. Fronte ao argumento do PP de que non se ofertan máis prazas de médicos, engade que os médicos de hoxe empezaron a carreira con Feijóo. Todos estamos de acordo cunha sanidade pública, pero a xestión é mellorable. Engade que observan que temos un problema porque os médicos se marchan para mellorar as condicións económicas e laborais. Deberíamos facer que os médicos que se forman aquí teñan unha permanencia durante certo tempo. Alemaña absorbe médicos, os nosos médicos formados, a custo cero. Destaca o bo hospital que existe en Lugo, e gustaríalle ter aquí en Ourense un bo hospital. Engade que debemos mellorar tamén os hospitais comarcais así como os médicos de atención primaria. Di que agora en Allariz tardan en dar unha cita de atención primaria. Sinala que toda a poboación debe ser atendida, senón acabaremos como en USA.

**A presidenta da comisión**, di que lle agrada que se loe o hospital de Lugo. Non lle parece apropiado sacar a Mariano Rajoy que non puido acabar a súa lexislatura por unha moción de censura. Indica que fan unha reserva de voto para o Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3), do BNG (1), de DO (1) e a abstención do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia á mellora global da dotación de recursos humanos do Sistema Público de Saúde de Galicia, coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais, comezando polas especialidades con menor taxa de cobertura e maiores listas de agarda.

2º. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a rematar coa avultada eventualidade dos profesionais contratados polo Servizo Galego de Saúde abusivamente de maneira discontinua, dotándoos de estabilidade e mellorando substancialmente as condicións dos contratos e dos nomeamentos.

3º. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a garantir, mediante lei, o tempo límite máximo de 48 horas, para ser atendido nos servizos de atención primaria do

Sistema Público de Saúde de Galicia, e a convocar todas as prazas vacantes neste nivel de atención básico e inicial que garante a continuidade da atención.

4º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun plan sanitario específico para a provincia de Ourense, que permita reverter a preocupante situación da nosa sanidade pública, suprimindo as decisións políticas economicistas que están a precarizar a atención primaria e a colapsar as urxencias hospitalarias pola falta de medios humanos e materiais; a pechar unidades de hospitalización ou a desmantelar servizos especializados que acaban sendo tratados noutras provincias.

5º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia específica de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) do Sistema Público de Saúde de Galicia e, no caso concreto da EOXI de Ourense, Verín, e O Barco de Valdeorras, a aprobar unha dotación de recursos e autonomía de xestión e funcionamento dabondo, que permita acadar unha administración máis eficiente, adaptada ás peculiaridades dos ambulatorios e centros médicos da provincia.

**4º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.**- Non se presentan.

**5º.- ROGOS E PREGUNTAS.**- Non se producen.

E, ás 17.29 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.